



**DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O
DECRETO 172/2015, DO 29 DE OUTUBRO, POLO QUE SE ESTABLECE O PLAN
DE ESTUDOS DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE DESEÑO NA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa reunión do día 30 de novembro de 2021, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Propón que se denomine "Xeral" o itinerario que no proxecto de decreto se denomina "Ecodeseño (ED)".
- Propón engadir, na táboa da disciplina "Oficina técnica: organización industrial e de calidade", do terceiro curso, os seguintes descritor/contidos:
 - *Planificación de proxectos*
 - *Fundamentos da economía de produción*
 - *Cálculo de costes: escandallo*
 - *Organización da produción.*
 - *Xestión da calidade"*
- Recoméndalle á Administración Educativa que realice unha oferta de formación específica para o profesorado que imparta os itinerarios desta especialidade.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2021

O secretario

Xosé María López Carretero



Visto e prace

O vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés